



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA para o desenvolvemento do proxecto de investigación "Desarrollo de un algoritmo para detección temprana de cáncer de colon basado en factores de riesgo identificados mediante herramientas de big data e inteligencia artificial" promovido por ADVANCED MARKER DISCOVERY, S.L. (AMADIX)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria Xeral da consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade formalizou, o día 04 de Decembro de 2023, coa Fundación Biomédica de Galicia Sur (FBGS) o instrumento convencional arriba referido, vixente desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración científico-técnica de ambas Partes para a realización conxunta do Proxecto: "Desarrollo dun algoritmo para detección temperá de cancro de colon baseado en factores de risco identificados mediante ferramentas de big data e intelixencia artificial".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Que a FBGS é unha entidade sen ánimo de lucro clasificada de interese sanitario por Orde da Consellería dá Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública de Galicia do 26 de setembro de 2002 e declarada de interese galego por orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do 21 de outubro do 2002 e baixo o protectorado da mesma, que ten afectado de forma duradeira o seu patrimonio ao desenvolvemento dos fins fundacionais definidos nos seus Estatutos e dirixidos á promoción e xestión das actividades de Investigación, Desenvolvemento e Innovación que se desenvolven nas áreas sanitarias de Vigo, Ourense e Pontevedra e contribuír a protección da saúde da poboación e ao progreso e mellora do Servizo Galego de Saúde.



A FBGS ten capacidade e medios para xestionar contratos, convenios e acordos, nos seus aspectos administrativos, legais, económicos e técnicos, relacionados coas actividades de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación para dar soporte a todos os centros das áreas sanitarias de Vigo, Ourense e Pontevedra, pertencentes ao Servizo Galego de Saúde, á Consellería de Sanidade e Saúde Pública, sempre respectando e actuando en colaboración co resto de fundacións creadas para a xestión da investigación.

Ambas partes asinaron con data 18 de xullo de 2023, un convenio marco de colaboración ó obxecto de colaborar en actividades que promovan no eido da saúde pública, que poidan materializarse en proxectos e/ou actividades relacionados coa docencia, investigación e consultoría, así como calquera área que consideren de interese mutuo, sempre acordos ao respectivo obxecto social e finalidades institucionais.

En dito convenio marco establécese que, no desenvolvemento do mesmo, as partes formalizarán Convenios Específicos en áreas preferentes de colaboración que consideren de interese nos ámbitos indicados anteriormente.

A FBGS foi beneficiaria dun estudo con título "Desarrollo dun algoritmo para detección temperá de cancro de colon baseado en factores de risco identificados mediante ferramentas de big data e intelixencia artificial". O obxectivo do mesmo é identificar factores de risco asociados co desenvolvemento de cancro colorrectal e adenomas avanzados mediante o uso de ferramentas de Big Data, procesamento de linguaxe natural e intelixencia artificial a partir dos historiais clínicos electrónicos de pacientes, e establecer un modelo predictivo baseado nos devanditos factores de risco para a detección temperá da enfermidade.

O estudo de investigación é observacional (non experimental), retrospectivo, con deseño transversal, de tipo poboacional e multivariable. Consiste en anonimizar, extraer e analizar datos dos historiais clínicos electrónicos de 5.000 pacientes que se someteron a unha colonoscopia nos últimos 5 anos, para identificar factores de risco asociados co desenvolvemento de cancro colorrectal e adenomas avanzados, e crear un modelo predictivo baseado nos devanditos factores de risco. Non se pretende facer seguimento posterior no marco do estudo, polo que non é necesario que os participantes no estudo estean identificados. Recolleranse os datos do historial clínico anteriores á realización da proba de diagnóstico.





Dito estudo forma parte do proxecto "Early detection of colorectal cancer based on latest biomarkers and Artificial Intelligence tools – COLODIX".

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

